



# CADERNOS

DO SINDICATO NACIONAL DE CCOO

## Resumo da sinistralidade laboral en Galicia no 2024

*Cadernos do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia  
Resumo da sinistralidade laboral en Galicia no 2024*

*Abril de 2025*

Elaboración: Secretaría de Saúde Laboral



## ÍNDICE

<b>PRESENTACIÓN</b> .....	5
<b>ACCIDENTES DE TRABAJO</b> .....	7
1. Accidentes de trabajo con baixa .....	11
1.1. Accidentes de trabajo con baixa en xornada laboral.....	11
1.2. Accidentes de trabajo <i>in itinere</i> .....	18
2. Accidentes sen baixa en xornada laboral .....	19
<b>ENFERMIDADES CAUSADAS POLO TRABAJO</b> .....	21
1. Enfermidades causadas polo traballo.....	23
1.1 Enfermidades profesionais.....	23
0 mal chamado “absentismo laboral” .....	27



28 de Abril 2025

*Día Mundial da Seguridade e a Saúde no Traballo*

*Pola prevención e a protección da Saúde fronte aos novos retos dixitais e psicosociais*

No Día Mundial da Seguridade e a Saúde no Traballo, CCOO reafirmamos o noso compromiso coa defensa da seguridade e a saúde das persoas traballadoras e mais de espazos seguros e saudables como dereito fundamental.

O 28 de abril é unha data de lembranza de todas aquelas persoas que perderon a saúde ou a vida no traballo, pero tamén é unha xornada de reivindicación e demanda á sociedade de máis atención ante este problema.

En 2024 producíronse en Galicia un total de 27 146 accidentes de traballo con baixa laboral; no conxunto do Estado foron 628 300 accidentes.

Faleceron 58 persoas en Galicia a causa de accidentes laborais, foron 8 máis ca no 2023, o que supón un preocupante incremento do 16 %; no Estado foron 796, cumpríndose así as estimacións de incremento dos accidentes mortais que faciamos desde os sindicatos.

As persoas traballadoras temos dereito a volver á casa sas e salvas despois da xornada laboral. Non estamos reclamando compromisos inalcanzables, unicamente aplicar o dereito a que se garanta a nosa seguridade e saúde no traballo.

Por iso, desde CCOO seguimos esixindo que se establezan as medidas necesarias para acabar con esta insoportable sinistralidade laboral de forma eficaz e inmediata, o que depende, necesariamente, de modificar e modernizar a lei e de negociar e articular un plan de choque contra a sinistralidade laboral. Os accidentes de traballo, amais de suporen un drama persoal e familiar, demostran que as condicións de traballo son inseguras e inxustas.

Tampouco esquecemos as vítimas do amianto, que están sufrindo unha situación realmente inxusta xa que, logo de máis de dous anos da creación do fondo de compensación para as vítimas deste axente canceríxeno, aínda non se aprobou o regulamento necesario para poñelo en funcionamento. Desde CCOO consideramos intolerable este atraso e instamos o Goberno a que desbloquee axiña esta situación, concedendo unhas indemnizacións adecuadas e exentas de tributación do IRPF, como xa se fai con outros colectivos.

A realidade está marcada por un desenvolvemento económico e produtivo en plena transformación, que supón cambios moi rápidos no traballo, pero tamén nos riscos asociados a el. A revolución tecnolóxica, os efectos do cambio climático, o impacto do traballo na saúde mental e a lonxevidade da poboación activa supoñen desafíos importantes para a seguridade e a saúde no traballo. Por iso desde CCOO consideramos urxente a actualización da normativa preventiva e instamos o Goberno a que intensifique as negociacións iniciadas na mesa de diálogo social hai máis dun ano.

Así mesmo, desde CCOO Galicia apostamos por unha saúde laboral inclusiva e reivindicamos a incorporación urxente da perspectiva de xénero na seguridade e a saúde no traballo, converténdoa nun principio de acción preventiva recollido especificamente na necesaria reforma da Lei de prevención de riscos laborais.

Cómpre realizar unha profunda análise das causas subxacentes asociadas á elevada taxa de enfermidades profesionais non rexistradas naqueles sectores máis feminizados, e unir esta demanda específica de abordaxe desta problemática desde a perspectiva de xénero á que vimos realizando sobre a imperante necesidade de actualizar a listaxe de enfermidades profesionais (proposta de modificación do RD 1299/2006 de Cadro de enfermidades profesionais no sistema da seguridade social), pois todos os estudos ao respecto demostran que segue sendo, como a medicina en xeral, tremendamente androcéntrica.

Hai que romper con ese rumbo de androcentrismos para reducir a sinistralidade e a falsa cantidade de «enfermidades comúns» rexistradas para mulleres ao longo destes anos, pois, co tempo, probouse que son profesionais pero están invisibilizadas debido á escasa abordaxe da saúde feminina.

Nas análises e investigacións referidas á saúde laboral, non só debe existir unha incorporación efectiva da perspectiva de xénero, senón tamén a da diversidade de persoas LGTBI+; ambas son imprescindibles para inserir a necesaria diferencialidade con que homes, mulleres e persoas LGTBI+ se ven ou se poden ver afectadas polo traballo ou por razón do traballo no seu estado de saúde ou con respecto á posible sinistralidade devida dese traballo.

Instamos a Mesa de Diálogo Social sobre seguridade e saúde no traballo para que teña en conta, nas súas conclusións e propostas, as especificidades de mulleres e persoas LGTBI+, e así se poida visibilizar, tanto técnica como politicamente, a diferenciación que se dá ou pode darse na afectación do traballo sobre a saúde de todas as persoas.

Hai que cambiar a organización preventiva na empresa para acadar unha maior integración da prevención dos riscos laborais, avanzar na calidade dos servizos de prevención e mellorar a protección da saúde mental das persoas traballadoras, reforzando a prevención dos riscos psicosociais, mais tamén acometer a diversidade, incluída a xeracional, e a perspectiva de xénero na xestión preventiva.

Ademais, cómpre mellorar as condicións de seguridade e saúde no traballo nas pemes mediante o reforzo da xestión preventiva; nisto é esencial contar coa participación das persoas traballadoras, para que o centro de traballo sexa un lugar sen riscos.

Na modificación da normativa debe facerse explícita a obriga empresarial de avaliar e adoptar medidas que protexan a saúde mental das persoas traballadoras, tendo ademais en conta a transformación dixital e o impacto das novas formas de organización do traballo.

O desenvolvemento tecnolóxico, coa dixitalización, a robotización ou a utilización da intelixencia artificial, presenta oportunidades desde a óptica da prevención de riscos laborais, pero fundamentalmente suscita novos retos que hai que acometer.

Trataríase de aproveitar a oportunidade da dixitalización para crear lugares de traballo máis seguros coa automatización de tarefas perigosas, a mitigación do traballo monótono ou a utilización da IA para previr accidentes mediante a análise de datos en tempo real que detecten fallos en máquinas ou o empeoramento das condicións ambientais; evitariáanse así os riscos que puideren engadir e que habitualmente non se teñen en conta.

Ten especial relevancia que a dixitalización e a intelixencia artificial no traballo están incrementado a exposición a riscos psicosociais como consecuencia da intensificación do traballo, a falta de desconexión, a monitorización e vixilancia constante ou a redución da autonomía para realizar pausas ou descansos. O seu impacto na saúde mental das persoas traballadoras é evidente.

Desde CCOO vemos necesario que se garanta un punto de encontro entre a innovación no mercado de traballo e a seguridade e a saúde das persoas traballadoras. Por iso deben establecerse marcos reguladores xustos e éticos que protexan os dereitos da clase traballadora, tanto no deseño como na implementación destas ferramentas e impulsen unha formación de calidade en novas tecnoloxías que permita coñecer os seus riscos asociados e as formas seguras de utilización.

Os sindicatos somos cruciais na xestión do cambio que traen da man a dixitalización e a IA. Deben respectarse os dereitos sindicais da negociación colectiva e o diálogo social e fortalecer unha democracia no lugar de traballo que impulse cambios tecnolóxicos beneficiosos para todos. Garantir a participación activa dos sindicatos nesta transformación permitiranos crear un futuro do traballo inclusivo e equitativo.

É urxente recuperar o pulo das políticas públicas en materia de seguridade e saúde no traballo e aumentar os recursos da Inspección de Traballo, do Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo e de todas as estruturas autonómicas de prevención de riscos laborais, así como a creación de xulgados especializados na materia.

Por último, queremos seguir manifestando o noso apoio, compromiso e recoñecemento ao labor dos delegados e delegadas de prevención, agradecéndolles a súa dedicación para conseguir que os centros de traballo sexan máis seguros. E facemos un chamado ás traballadoras e traballadores para que participen nos diferentes actos convocados con motivo da conmemoración do 28 de abril, para conseguir visibilizar o drama da sinistralidade laboral, a falta de cumprimento da normativa en materia de prevención de riscos laborais por parte das empresas e a necesidade de actualizar a normativa para dar resposta aos novos retos do mundo do traballo.

Armando Iglesias Rodríguez  
Secretaría de Saúde Laboral  
Sindicato Nacional CCOO de Galicia



## *ACCIDENTES DE TRABAJO*



## 1. ACCIDENTES DE TRABALLO CON BAIXA

### 1.1. Accidentes de traballo con baixa en xornada laboral

Segundo os datos do avance de xaneiro-décembro 2022/2023/2024 que publicou o ISSGA, durante o 2024 producíronse en Galicia 30 359 accidentes de traballo con baixa. Deste total, o 89,41 % ocorreron en xornada laboral e o 10,59 % restante no desprazamento do domicilio ao centro de traballo ou viceversa.

**No 2024, en relación co ano anterior, incrementáronse en 64 os accidentes de traballo con baixa en xornada laboral, un 0,21 %.**

**O índice de incidencia diminuíu un -1,97 % con respecto ao ano 2023.**

Táboa 1. ACCIDENTES DE TRABALLO CON BAIXA

	ANO 2022	ANO 2023	ANO 2024
Na xornada laboral	25.732	27.274	27.146
“In itinere”	2.670	3.149	3.213
<b>Total</b>	<b>28.402</b>	<b>30.423</b>	<b>30.359</b>

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

#### Por gravidade e sexo

**O índice de incidencia** do ano 2024 foi de 2588,54 (2640,63 no 2023) accidentes de traballo con baixa en xornada laboral por cada cen mil persoas traballadoras afiliadas á Seguridade Social coas continxencias profesionais cubertas. Este dato supón unha baixada do -1,97 % con respecto ao ano 2023. A incidencia dos accidentes é maior nos homes ca nas mulleres: por cada cen mil homes traballadores, 3657,85 sufriron accidentes; a cifra baixa nas mulleres ata 1566,12.

A diferenza de índices entre homes e mulleres increméntase conforme aumenta a gravidade dos accidentes. O índice de incidencia dos leves é 2,24 veces maior nos homes ca nas mulleres, 4,50 veces maior nos graves e ata 10,05 veces maior nos mortais.

**No ano 2024 producíronse 27 146 accidentes** de traballo con baixa en xornada laboral, dos que 58 foron mortais: 53 homes e 5 mulleres. Os homes sufriron o 70,32 % dos accidentes leves, o 82,60 % dos graves e o 91,37 % dos mortais.

Táboa 2. ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL POR GRAVIDADE E SEXO. ANO 2023

	Nº ACCIDENTES			ÍNDICE DE INCIDENCIA		
	HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL
Leves	18.758	7.916	26.674	3.484,47	1.551,04	2.543,53
Graves	342	72	414	63,53	14,11	39,48
Mortais	53	5	58	9,85	0,98	5,53
<b>Total</b>	<b>19.153</b>	<b>7.993</b>	<b>27.146</b>	<b>3.656,30</b>	<b>1.565,64</b>	<b>2.588,54</b>

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

En comparación co 2023 (ver táboa 3), o índice de incidencia de accidentes mortais subiu un +14,25 % e os graves un +12,02 %, mentres que o índice de accidentes leves diminuíu un -2,19 %.

Por sexos, nas mulleres sobe un +22,99 % o índice de incidencia nos accidentes mortais e un +13,67 % nos homes. Nos accidentes graves, o índice de incidencia incrementouse un +17,08 % nas mulleres e un +10,99 % nos homes. Nos leves, diminuíu un -0,2 % nas mulleres e un -2,95 % nos homes.

Táboa 3. EVOLUCIÓN ÍNDICE DE INCIDENCIA POR GRAVIDADE E SEXO

	VARIACIÓN RELATIVA % 2023/2024		
	HOMES	MULLERES	TOTAL
Leves	-2,95 %	-0,2 %	-2,19 %
Graves	+10,99 %	+17,08 %	+12,02 %
Mortais	+13,67 %	+22,99 %	+14,25
Total	-2,69 %	+0,03 %	-1,97 %

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

### Por sectores de actividade e sexo

No 2024, o sector de actividade co maior índice de incidencia foi a construción, con 5246,31 accidentes por cada cen mil persoas traballadoras; séguenlle a industria e a pesca con 4580,49 e 4060,59 accidentes, respectivamente.

Por sexos, o índice de incidencia dos homes supera o das mulleres en todos os sectores de actividade pero, sobre todo, na construción (é máis de 12,7 veces maior) e na pesca (é mais de 2,8 veces maior). A menor diferenza dáse no sector dos servizos e na industria.

Táboa 4. ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL POR SECTORES E SEXO. ANO 2024

	Nº ACCIDENTES			ÍNDICE DE INCIDENCIA		
	HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL
Agricultura	909	248	1.157	4.447,94	2.073,10	3.571,08
Pesca	587	64	651	4.810,56	1.671,09	4.060,59
Industria	5.629	1.164	6.793	5.411,44	2.628,58	4.580,49
Construción	4.230	37	4.267	5.782,32	452,36	5.246,31
Servizos	7.798	6.480	14.278	2.373,69	1.465,59	1.852,77
Total	19.153	7.993	27.146	3.557,85	1.556,12	2.588,54

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

A segmentación sexual na ocupación reflíctese tamén na distribución dos accidentes por sectores. Nos servizos, a porcentaxe de mulleres que sofren un accidente é lixeiramente inferior á de homes, mentres que nos restantes sectores a diferenza é moito maior.

**O maior número de accidentes no 2024 rexístrase no sector dos servizos: 7798 (54,61 %) en homes e 6480 (45,39 %) en mulleres.**

- **Na agricultura:** 21,44 % nas mulleres e 78,56 % nos homes.
- **Na pesca:** 9,84 % nas mulleres e 90,16 % nos homes.

- **Na industria:** 17,14 % nas mulleres e 82,86 % nos homes.
- **Na construción:** 0,87 % nas mulleres e 99,13 % nos homes.

O índice de incidencia reduciuse en todos os sectores (táboa 5). A maior redución rexístrase no sector da industria (-4,73 %), séguenlle o da pesca (-2,66 %), a construción (-0,87 %), os servizos (-0,53 %), e o sector da agricultura (-0,32 %).

Táboa 5. EVOLUCIÓN ÍNDICE DE INCIDENCIA POR SECTOR E SEXO

	VARIACIÓN RELATIVA % 2023/2024		
	HOMES	MULLERES	TOTAL
Agricultura	-5,38	+16,88	-0,32
Pesca	-3,81	+5,81	-2,66
Industria	-4,50	-5,84	-4,73
Construción	-0,62	-0,73	-0,87
Servizos	-1,49	+0,68	-0,55
Total	-2,69	+0,03	-1,97

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

### Por sectores de actividade e gravidade

No 2023, a construción acadou o índice de incidencia máis elevado nos accidentes leves (5151,96 accidentes por cada cen mil traballadores/as). A pesca rexistrou o índice de incidencia máis elevado nos accidentes graves (177,25 accidentes por cada cen mil traballadores/as) e nos mortais (143,88). Na agricultura, o índice de incidencia máis elevado corresponde aos accidentes mortais (21,27 accidentes por cada cen mil traballadores/as).

**O sector dos servizos rexistra o menor índice de incidencia nos tres graos de gravidade.**

Táboa 6. ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL POR SECTORES E GRAVIDADE. ANO 2023

	Nº ACCIDENTES				ÍNDICE DE INCIDENCIA			
	LEVES	GRAVES	MORTAIS	TOTAL	LEVES	GRAVES	MORTAIS	TOTAL
Agricultura	1.117	33	7	1.157	3.447,62	101,85	21,66	3.571,08
Pesca	619	25	7	651	3.860,99	155,94	43,66	4.060,59
Industria	6.713	71	9	6.793	4.526,55	47,88	6,07	4.580,49
Construción	4.147	108	12	4.267	5.098,77	132,79	14,75	5.246,31
Servizos	14.078	177	23	14.278	1.826,81	22,97	2,98	1.852,77
Total	26.674	414	58	27.146	2.543,53	39,48	5,53	2.588,54

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

**O número de accidentes leves** diminúe con respecto ao ano 2023 en todos os sectores menos nos servizos, onde aumenta o +1,14 %.

**O número de accidentes graves** aumenta en todos os sectores agás na pesca, onde diminúe o -16,67 %.

**O número de accidentes mortais** aumenta en todos os sectores menos na agricultura, que mantén o mesmo número.

No total de accidentes apréciase unha diminución do -0,475 %.

**Táboa 7. EVOLUCIÓN ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL  
POR SECTORES E GRAVIDADE. ANO 2024 SOBRE O 2023**

	Nº ACCIDENTES %			
	LEVES	GRAVES	MORTAIS	TOTAL
<b>Agricultura</b>	-2,705%	+37,50%	0%	<b>-1,87%</b>
<b>Pesca</b>	-8,02%	-16,67%	+133,33%	<b>-7,79%</b>
<b>Industria</b>	-3,71%	+5,97%	+12,50%	<b>-3,605</b>
<b>Construción</b>	-0,02%	+4,85%	+20,00%	<b>+0,145</b>
<b>Servizos</b>	+1,14%	+26,43%	+4,55%	<b>+1,405</b>
<b>Total</b>	<b>-0,69%</b>	<b>+13,74%</b>	<b>+16,00%</b>	<b>-0,475</b>

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Canto aos índices de incidencia, diminúen con respecto ao 2023 en todos os sectores no total dos accidentes con baixa.

**Táboa 8. EVOLUCIÓN ÍNDICE ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL  
POR SECTORES E GRAVIDADE. ANO 2024 SOBRE 2023**

	ÍNDICE DE INCIDENCIA %			
	LEVES	GRAVES	MORTAIS	TOTAL
<b>Agricultura</b>	-1,17	+39,67	+1,58	<b>-0,32</b>
<b>Pesca</b>	-2,90	-12,03	+146,43	<b>-2,66</b>
<b>Industria</b>	-4,80	+4,73	+11,19	<b>-4,73</b>
<b>Construción</b>	-1,03	+3,80	+18,79	<b>-0,87</b>
<b>Servizos</b>	-0,79	+24,02	+2,55	<b>-0,53</b>
<b>Total</b>	<b>-2,19</b>	<b>+12,02</b>	<b>+14,25</b>	<b>-1,79</b>

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

### **Por tipo de contrato**

No ano 2024 mingou bastante o número total de accidentes con baixa en xornada laboral do persoal cun contrato temporal: un -2,74 %. En cambio, a porcentaxe de accidentes entre as persoas con contrato indefinido aumentou un +1,12 %.

Nestes datos vense claramente os efectos positivos da última reforma laboral, a consecuencia da transformación de moitos contratos temporais en indefinidos. Se ben aumentan os accidentes nas persoas traballadoras con contrato indefinido, non é comparable ao que se reducen os accidentes nas persoas con contrato eventual.

Haberá que seguir a evolución destes datos ano a ano para poder valorar o impacto real en positivo que representa esta reforma laboral.

**Táboa 9. ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL POR TIPO DE CONTRATO**

TIPO DE CONTRATO	ANO 2023	ANO 2024	VARIACIÓN %
<b>Indefinido</b>	20.201	<b>20.428</b>	<b>+1,12%</b>
<b>Temporal</b>	4.967	<b>4.831</b>	<b>-2,74%</b>
<b>Autónomo</b>	2.106	<b>1.887</b>	<b>-10,40%</b>
<b>Total</b>	<b>27.274</b>	<b>27.146</b>	<b>-0,47%</b>

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

### **Por provincias**

No 2024, os accidentes de traballo diminúen na Coruña, Lugo e Ourense; aumentan en Pontevedra en 171, un 18,47 %.

O índice de incidencia de accidentes de traballo con baixa en xornada laboral mingua tamén na Coruña, Lugo e Ourense, e aumenta en Pontevedra un +0,65 % (ver táboa 10).

Táboa 10. ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL POR PROVINCIAS

	ANO 2023		ANO 2024	
	Nº ACCIDENTES	ÍNDICE DE INCIDENCIA	Nº ACCIDENTES	ÍNDICE DE INCIDENCIA
A Coruña	11.947	2.670,00	<b>11.783</b>	<b>2.577,10</b>
Lugo	3.014	2.507,63	<b>2.913</b>	<b>2.403,88</b>
Ourense	3.056	2.970,86	<b>3.022</b>	<b>2.915,39</b>
Pontevedra	9.257	2.554,71	<b>9.428</b>	<b>2.571,43</b>
Galicia	<b>27.274</b>	<b>2.640,63</b>	<b>27.146</b>	<b>2.588,54</b>

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

### Por comunidades autónomas

Na clasificación por comunidades autónomas, e utilizando os datos do MITES, Galicia é a sexta comunidade con máis accidentes con baixa en xornada laboral, con 27 146. Dos índices de incidencia, Galicia, con 2588,5 accidentes con baixa en xornada laboral por cada cen mil persoas traballadoras, é a décimo terceira comunidade, por baixo a media estatal que se sitúa en 2653,6.

Táboa 11. ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL E ÍNDICE DE INCIDENCIA POR CCAA

ANO 2023

	ACCIDENTES EN XORNADA	ÍNDICES DE INCIDENCIA
Andalucía	89.517	2.853,2
Catalunya	89.093	2.403,2
Madrid	72.041	2.040,4
Comunitat Valenciana	53.709	2.576,6
País Vasco	29.872	2.978,9
<b>Galicia</b>	<b>27.146</b>	<b>2.588,5</b>
Castilla y León	25.536	2.815,4
Castilla-La Mancha	25.484	3.365,7
Canarias	24.242	2.698,7
Baleares	21.985	3.949,4
Murcia	18.722	2.958,1
Aragón	17.730	2.954,3
Navarra	11.155	3.691,0
Extremadura	10.813	2.863,4
Asturias	10555	2.815,2
Cantabria	6.244	2.769,0
La Rioja	4.348	3.239,0
Melilla	560	2.379,4
Ceuta	570	2.542,1
<b>TOTAL</b>	<b>540.314</b>	<b>2.653,6</b>

FONTE: elaboración propia a partir de datos do MITRAMISS

No rexistro de accidentes mortais en xornada, **Galicia é a quinta comunidade autónoma con maior número, 58**. A primeira é Andalucía con 100, a segunda a Comunidade Valenciana con 81, a terceira e Catalunya con 78 e a cuarta e Madrid con 69.

Canto ao índice de incidencia, Galicia rexistrou 5,53 accidentes mortais por cada cen mil persoas traballadoras, mentres que a proporción acadada no conxunto do Estado foi de 3,17. **O cuarto índice de accidentes mortais máis elevado dáse en Galicia.**

Navarra é a primeira con 6,96, Castilla-La Mancha é a segunda con 6,61 e Extremadura é a terceira con 5,83.

Táboa 12. ACCIDENTES MORTAIS E ÍNDICE DE INCIDENCIA POR CCAA AÑO 2024

	ACCIDENTES MORTAIS EN XORNADA	ÍNDICES DE INCIDENCIA
Andalucía	100	3,19
Catalunya	81	3,89
Madrid	78	2,10
Comunitat Valenciana	69	1,95
Galicia	58	5,53
Castilla y León	50	6,61
Castilla-La Mancha	36	3,82
Aragón	26	2,60
Murcia	24	4,00
País Vasco	22	5,83
Canarias	21	6,96
Asturias	20	2,23
Baleares	18	2,85
Extremadura	17	4,54
La Rioja	11	4,88
Cantabria	10	1,80
Navarra	5	3,73
Melilla	0	0
Ceuta	0	0
TOTAL	646	3,17

FONTE: elaboración propia a partir de datos do MITES

### *Accidentes mortais en xornada laboral, causas*

Segundo os datos do ISSGA, no ano 2024 Galicia rexistrou 58 accidentes mortais en xornada laboral: morreron 53 homes (7 mais ca no ano 2022) e 5 mulleres (unha máis ca no ano 2023).

A causa máis frecuentes foron **os infartos e outras patoloxías non traumáticas**, con 26 accidentes mortais, o cal representa o 44,83 % do total. A segunda causa máis frecuente foron os **choques ou golpes contra obxectos en movemento**, con 11 accidentes mortais que representan o 18,97 % do total.

Os infartos e outras patoloxías non traumáticas están sendo as causas que ano tras ano suman un maior número de persoas falecidas. E necesario chegar ao fondo na investigación destes accidentes para saber cales son as causas raíz que os provocan. Todo apunta a que os factores psicosociais poden estar detrás destes números, polo que é imprescindible esixir que se realicen as avaliacións de riscos psicosociais necesarias para tentar evitar estes falecementos.



Táboa 13. FORMA DOS ACCIDENTES MORTAIS EN GALICIA. ANO 2024

FORMA DO ACCIDENTE	TOTAL	%
Contacto coa corrente eléctrica, lume ou substancias perigosas	2	3,45
Afogamentos, sepultamentos	1	1,72
Caídas e golpes con esmagamentos contra obxectos inmóviles	7	12,07
Choques ou golpes contra obxectos en movemento	11	18,97
Contacto con axente cortante ou punzante	1	1,72
Atrapamento e amputacións	10	17,24
Mordeduras, patadas, picaduras, etc.	0	0,00
Infartos e outras patoloxías non traumáticas	26	44,83
Sen especificar	0	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>58</b>	<b>100</b>

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

### *Accidentes mortais por sectores de actividade*

No 2023, a pesca foi o sector de actividade co maior índice de incidencia de accidentes mortais, o 43,66. O segundo posto ocupouno a agricultura, o terceiro a construción e o cuarto o sector dos servizos. Por debaixo da media só está o sector dos servizos (ver táboa 14).

En relación co ano anterior, os accidentes mortais aumentan na pesca, a industria, a construción e os servizos. No sector da agricultura repítase o número de persoas falecidas do ano 2023.

Táboa 14. ACCIDENTES MORTAIS CON BAIXA EN XORNADA LABORAL POR SECTORES

	ANO 2023		ANO 2024	
	Nº ACCIDENTES	ÍNDICE INCIDENCIA	Nº ACCIDENTES	ÍNDICE INCIDENCIA
Agricultura	7	21,27	7	21,61
Pesca	3	17,73	7	43,66
Industria	8	5,46	9	6,67
Construción	10	12,42	12	14,75
Servizos	22	2,91	23	2,98
<b>Total Galicia</b>	<b>50</b>	<b>4,84</b>	<b>58</b>	<b>5,53</b>

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

### *Accidentes mortais por provincias*

Por provincias, Lugo rexistra no 2024 o maior índice de incidencia de accidentes mortais con 10,73 falecementos por cada 100 000 persoas traballadoras (ver táboa 15). En comparación co 2023, o índice de incidencia incrementouse en Lugo e Pontevedra e diminuíu na Coruña e Ourense.

**Táboa 15. ACCIDENTES MORTAIS CON BAIXA EN XORNADA LABORAL POR PROVINCIAS**

	ANO 2023		ANO 2024	
	Nº ACCIDENTES	ÍNDICE INCIDENCIA	Nº ACCIDENTES	ÍNDICE INCIDENCIA
A Coruña	22	4,92	20	4,37
Lugo	8	6,66	13	10,73
Ourense	5	4,86	2	1,93
Pontevedra	15	4,14	23	6,27
Galicia	50	4,84	58	5,53

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

**Accidentes mortais por tipo de contrato**

Polo tipo de contrato, o 76 % das persoas falecidas por accidente de traballo en xornada laboral no 2024 tiñano indefinido; foron 44 persoas. O 14 % tiñan un contrato temporal, o cal vén a demostrara a incidencia positiva que está a ter a reforma laboral para as persoas traballadoras con contrato temporal.

En comparación co 2023, subiron os accidentes mortais en persoas traballadoras nos tres supostos.

**Táboa 16. ACCIDENTES MORTAIS POR TIPO DE CONTRATO**

	ANO 2023	ANO 2024
<b>Indefinidos</b>	40 = 80 %	44 = 76 %
<b>Temporais</b>	3 = 6 %	8 = 14 %
<b>Autónomos</b>	7 = 14 %	6 = 10 %
<b>Total</b>	<b>50</b>	<b>58</b>

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

**1.2 Accidentes de traballo 'in itinere'****Por gravidade e sexo**

- No ano 2024 rexistráronse un total de 3213 accidentes *in itinere*: 1846 de mulleres (57,45 % do total) e 1367 de homes (42,54 % do total).
- Ocorreron 64 accidentes *in itinere* máis ca no 2023, cun incremento do 2,03 % (29 máis de mulleres e 35 de homes).
- As mulleres sufriron máis accidentes leves ca os homes, pero nos graves e mortais ocorre o contrario (morreron 6 homes e 4 mulleres).

É bastante preocupante o incremento que se está a dar no total dos accidentes de traballo *in itinere*, sobre todo nos referidos a accidentes leves e concretamente nas mulleres. O gran número de xornadas parciais, en diferentes centros de traballo, pode ser unha das causas deste importante incremento.

Táboa 17. ACCIDENTES DE TRABALLO 'IN ITINERE' POR SEXO E GRAVIDADE

	Nº ACCIDENTES ANO 2023			Nº ACCIDENTES ANO 2024		
	HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL
Leves	1.304	1.793	3.097	1.326	1.826	3.152
Graves	24	22	46	35	20	55
Mortais	4	2	6	6	0	6
<b>Total</b>	<b>1.332</b>	<b>1.817</b>	<b>3.149</b>	<b>1.367</b>	<b>1.846</b>	<b>3.213</b>

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

### Por provincias e gravidade

- **O total dos accidentes *in itinere*** aumentou na Coruña (144) e diminuíron en Pontevedra (53), Lugo (15) e Ourense (12).
- **Os accidentes mortais** baixaron 1 en Ourense, repítense 2 na Coruña e 0 en Lugo; sobe 1 en Pontevedra.
- **Os accidentes graves** aumentaron na Coruña en 3, en Pontevedra en 9; en Ourense repítense 2 e en Lugo baixaron 3.
- **Os accidentes leves** aumentaron en 141 na Coruña, baixaron en 12 en Lugo, 11 en Ourense e 55 en Pontevedra.

Táboa 18. ACCIDENTES DE TRABALLO 'IN ITINERE' POR GRAVIDADE E PROVINCIA

	Nº ACCIDENTES ANO 2023				Nº ACCIDENTES ANO 2024			
	LEVES	GRAVES	MORTAIS	TOTAL	LEVES	GRAVES	MORTAIS	TOTAL
A Coruña	1.199	22	2	1.223	1.340	25	2	1.367
Lugo	255	8	0	263	243	5	0	248
Ourense	255	2	1	258	244	2	0	246
Pontevedra	1.388	14	3	1.405	1.325	23	4	1.352
<b>Galicia</b>	<b>3.097</b>	<b>46</b>	<b>6</b>	<b>3.149</b>	<b>3.152</b>	<b>55</b>	<b>6</b>	<b>3.213</b>

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

## ACCIDENTES SEN BAIXA EN XORNADA LABORAL

### Por provincias

**No ano 2024 rexistráronse en Galicia un total de 13 104 accidentes de traballo sen baixa en xornada laboral. Son 547 menos ca no 2023 (-4,01%).**

Baixaron 144 na Coruña, 93 en Lugo, 88 en Ourense e 222 en Pontevedra.

Táboa 19. ACCIDENTES SEN BAIXA EN XORNADA LABORAL POR PROVINCIAS

	ANO 2023	ANO 2024	VARIAC. ABSOLUTA	VARIAC. %
A Coruña	5.482	5.338	-144	-2,63
Lugo	1.310	1.217	-93	-7,10
Ourense	1.527	1.439	-88	-5,76
Pontevedra	5.332	5.110	-222	-4,16
<b>Total</b>	<b>13.651</b>	<b>13.104</b>	<b>-547</b>	<b>-4,01</b>

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

**Por sectores de actividade**

En relación co ano 2023, os accidentes de traballo sen baixa en xornada laboral diminúen en todos os sectores menos no de servizos, no que aumenta en 251.

**Táboa 20. ACCIDENTES SEN BAIXA EN XORNADA LABORAL POR SECTORES**

	ANO 2023	ANO 2024	VARIAC. ABSOLUTA	VARIAC. %
<b>Agricultura</b>	425	341	-84	-19,76
<b>Pesca</b>	221	186	-35	-15,84
<b>Industria</b>	4.002	3.470	-532	-13,29
<b>Construción</b>	2.017	1.870	-147	-7,29
<b>Servizos</b>	6.986	7.237	+251	+3,59
<b>Total</b>	13.651	13.104	-547	-4,01

*ENFERMIDADES CAUSADAS POLO TRABALLO*



## 1. ENFERMIDADES CAUSADAS POLO TRABALLO

A información que achegamos sobre as enfermidades causadas polo traballo procede do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA) e do Observatorio das continxencias profesionais da Seguridade Social. A análise céntrase no período xaneiro-decembro de 2024.

A cobertura das enfermidades causadas polo traballo no sistema da seguridade social encárrérase por dúas vías:

- O recoñecemento automático da enfermidade profesional. Segundo o artigo 157 da LXSS (Lei xeral da seguridade social), un traballador ou traballadora ten dereito a cobertura por enfermidade profesional se esa enfermidade foi contraída a consecuencia do traballo nas actividades que se especifican no cadro de enfermidades profesionais (EEPP) aprobado polo RD 1299/2006 e está provocada pola acción dos elementos ou substancias que se indican nese cadro.
- O artigo 156.2 da LXSS, nos seus apartados *e* e *f*, recoñece que serán consideradas como continxencia profesional aquelas enfermidades non incluídas na relación de EEPP que contraia a persoa traballadora con motivo da realización do seu traballo, sempre que se probe que a enfermidade tivo causa exclusiva na súa execución. Tamén as enfermidades ou defectos anteriormente padecidos que se agraven como consecuencia da lesión constitutiva do accidente.

O sistema de notificación CEPROSS (comunicación de EEPP na seguridade social) achega desde o ano 2007 información das patoloxías sufridas polas persoas traballadoras que están incluídas no cadro de EEPP.

En xuño do 2010 creouse o ficheiro PANOTRATSS, que rexistra as patoloxías non traumáticas causadas ou agravadas polo traballo que non teñen a consideración de enfermidade profesional.

### 1.1. Enfermidades profesionais

No *Informe CEPROSS-PANOTRATSS 2017* dise:

Un parte comunicado é un expediente de enfermidade profesional que foi tramitado pola entidade xestora ou colaboradora que asume a cobertura de continxencias profesionais conforme a normativa vixente e supuxo a existencia dunha visita da persoa traballadora a un facultativo que diagnostica unha enfermidade profesional catalogada no cadro de enfermidades profesionais recollido no RD 1299/2006.

Se cando se realiza a comunicación telemática existe baixa laboral por incapacidade temporal, o parte permanece no que se denomina estado aberto, pasando a situación de pechado no momento en que finalice a incapacidade temporal.

Os partes pódense pechar por algunha das seguintes causas:

- Alta por curación e/ou alta laboral
- Alta con proposta de incapacidade permanente
- Alta con proposta de cambio de traballo
- Falecemento
- Lesións permanentes non invalidantes
- Sen baixa laboral
- Outras causas. *Neste apartado inclúense as situacións de cualificación do parte como accidente de traballo ou enfermidade común, aínda cando o traballador continúe de baixa médica laboral.*

### 1.1.1. Partes comunicados de enfermidades profesionais

Segundo os datos de xaneiro a decembro do ano 2024, rexistráronse 1480 EEPP, 141 máis ca no ano 2023 (+5,93 %).

O 60,40 % dos partes comunicados de EEPP foron con baixa laboral, e o 39,60 % sen baixa. En comparación co ano 2023, os partes con baixa aumentaron un +15,35 % (119 máis) e os sen baixa incrementáronse un +3,90 % (22 máis).

Táboa 1. EEPP CON BAIXA E SEN BAIXA

	ANO 2023	ANO 2024	VARIACIÓN ANUAL %
Con baixa	775	894	+15,35 %
Sen baixa	564	586	+3,90 %
Total	1.339	1.480	+5,93 %

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

#### Por sexo

**Das EEPP rexistradas no ano 2024**, o 46,01% foron de mulleres, 681 partes comunicados. O 53,99% dos partes comunicados foron de homes, 799 partes.

Nas mulleres, os **partes con baixa foron** o 45,08 %, con 403 partes. Nos homes foron o 54,92 %, con 491 partes.

Nas mulleres, os **partes sen baixa foron** o 47,44 %, con 278 partes. Nos homes foron o 52,56 %, con 308 partes.

Táboa 2. EEPP POR SEXOS. ANO 2024

	CON BAIXA	SEN BAIXA	TOTAL
Homes	491	308	799
Mulleres	403	278	681
Total	894	586	1.480

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

#### Por sector de actividade

O sector con maior recoñecemento de enfermidades profesionais é a industria, con 663 (44,80%); o segundo foi o dos servizos con 638 (43,11%); o terceiro, a construción con 133 (8,99%); o cuarto, a agricultura con 28 (1,88%) e o quinto foi o da



pesca con 18 (o 1,22 %).

O sector que, en proporción, rexistrou máis EEPP con baixa ca sen baixa foi a pesca: o 77,77%. Os seguintes son a construción cun 63,90 %, a industria cun 62,29 %, os servizos cun 57,36 %, e a agricultura co 57,14 %.

Táboa 3. EEPP CON BAJA E SEN BAJA POR SECTOR DE ACTIVIDADE. ANO 2024

SECTOR	CON BAJA	SEN BAJA	TOTAL	% DO TOTAL
Agricultura	16	12	28	1,88
Pesca	14	4	18	1,22
Industria	413	250	663	44,80
Construción	85	48	133	8,99
Servizos	366	272	638	43,11
<b>Total</b>	<b>894</b>	<b>586</b>	<b>1.480</b>	<b>100 %</b>

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

### Por sector de actividade e por sexo

Os sector da agricultura (53,57 %), a pesca (55,55 %), a industria (67,72 %) e a construción (99,25 %) suman máis casos de EEPP de homes ca de mulleres.

En cambio, no sector dos servizos ocorre o contrario (69,75 %), suman máis casos de EEPP as mulleres con respecto aos homes.

Táboa 4. EEPP POR SECTOR DE ACTIVIDADE E SEXO. ANO 2024

SECTOR DE ACTIVIDADE	HOMES	MULLERES	TOTAL
Agricultura	15	13	28
Pesca	10	8	18
Industria	449	214	663
Construción	132	1	133
Servizos	193	445	638
<b>Total</b>	<b>799</b>	<b>681</b>	<b>1.480</b>

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

### Por grupo de enfermidade

O cadro de EEPP foi aprobado polo Real decreto 1299/2006. Inclúe unha listaxe de enfermidades recoñecidas como profesionais e os traballos e substancias que expoñen ao risco de contraelas.

#### A listaxe recolle seis grupos de EEPP:

**Grupo 1:** EEPP causadas por axentes químicos

**Grupo 2:** EEPP causadas por axentes físicos

**Grupo 3:** EEPP causadas por axentes biolóxicos

**Grupo 4:** EEPP causadas pola inhalación de substancias e axentes non comprendidos noutros apartados

**Grupo 5:** EEPP da pel causadas por substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados

**Grupo 6:** EEPP causadas por axentes carcinóxenos

No 2024, o maior número de partes de EEPP comunicados concéntrase no grupo 2, co 74,32 % (EEPP causadas por axentes físicos).

No grupo 4 contabilízanse o 13,90 % dos partes comunicados; é o segundo grupo con maior número de partes (EPP causadas pola inhalación de substancias e axentes non comprendidos noutros apartados).

Táboa 5. PARTES COMUNICADOS POR GRUPOS DE ENFERMIDADE. ANO 2023

GRUPO	CON BAIXA	SEN BAIXA	TOTAL	% SOBRE TOTAL
<b>Grupo 1</b>	34	31	65	<b>4,39</b>
<b>Grupo 2</b>	648	452	1.100	<b>74,32</b>
<b>Grupo 3</b>	31	20	51	<b>3,45</b>
<b>Grupo 4</b>	139	52	191	<b>13,90</b>
<b>Grupo 5</b>	38	26	64	<b>4,32</b>
<b>Grupo 6</b>	4	5	9	<b>0,62</b>
<b>Total</b>	<b>894</b>	<b>586</b>	<b>1.480</b>	<b>100 %</b>

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

### *Por provincias*

No ano 2024, a provincia coa cifra máis alta de partes comunicados de EPP é Pontevedra con 636, o 42,97 % de todos os rexistrados en Galicia. A segunda foi A Coruña con 495 partes, o 33,50 % do total; a terceira foi Ourense con 199, o 14,00 %, e a cuarta foi Lugo con 141, o 9,55 %.

Táboa 6. PARTES COMUNICADOS POR PROVINCIAS. ANO 2024

PROVINCIA	CON BAIXA	SEN BAIXA	TOTAL	% SOBRE TOTAL
<b>A Coruña</b>	309	186	<b>495</b>	<b>33,50</b>
<b>Lugo</b>	93	48	<b>141</b>	<b>9,55</b>
<b>Ourense</b>	127	72	<b>199</b>	<b>14,00</b>
<b>Pontevedra</b>	356	280	<b>636</b>	<b>42,97</b>
<b>Total</b>	<b>894</b>	<b>586</b>	<b>1480</b>	<b>100 %</b>

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

### *O mal chamado «absentismo laboral»*

A Organización Internacional do Traballo (OIT) define o absentismo laboral como **«unha situación en que o traballador non se presenta no seu lugar de traballo, ou acode menos horas do estipulado, cando desde a organización se esperaba que acudise ou permanecese todo o tempo no devandito lugar»**.

Malia o que con total claridade di a OIT, ao Goberno e ás empresas galegas interésalles utilizar o termino «absentismo» para sinalar e criminalizar a toda persoa traballadora que falta ao seu traballo, sexa polo motivo que sexa.

Resulta fácil culpabilizar a parte máis indefensa desta ecuación, a clase traballadora, cando a realidade é que os únicos culpables do gran número de **«horas non produtivas (así é como hai que chamalas)** son o empresariado e o Goberno galego pois, alén das simples opinións, os datos non enganan e deixan en evidencia quen son verdadeiros causantes desta situación.

Vaiamos por partes: por unha banda, temos os empresarios que de forma constante e reiterada se instalan no recuncho do vitimismo, saíndo en todos os medios de comunicación á súa disposición —e son moitos— para mostrar o que sofren para poder manter as súas empresas, a pesar de que en moitos casos, segundo eles din, non son rendibles. Desde logo, CCOO non ten constancia de ningunha empresa que manteña o emprego coma se se tratase dunha oenegué, nada máis lonxe da realidade. Pero si coñecemos algunhas que, a pesar de ter unha gran carga de traballo e beneficios, acaban pechando por unha xestión irresponsable da súa dirección, importándolles ben pouco as familias que deixan na rúa.

Segundo os datos publicados polo Observatorio de marxes empresariais, que fan referencia ao ano 2024, a rendibilidade media das empresas segue aumentando e sitúase en niveis máximos de valor engadido xerado sobre vendas (24,5 %) e de marxe bruta empresarial sobre vendas (13,1 %). Incluso excluindo as actividades enerxéticas, as marxes empresariais seguen en máximos.

As vendas das empresas aumentan máis que os seus custos en 2024, o que explica o aumento do valor engadido e as súas marxes. A produtividade do traballo, medida como o valor engadido bruto xerado (VEB) por cada asalariado/a, seguiu aumentando no 2024. Entre 2009 e 2024, en termos nominais, o VEB por asalariado/a aumentou un 50 %, mentres que a remuneración media por asalariado/a só creceu un 28 %. Estes datos —que non son opinións— poñen de manifesto que, en termos xerais, as empresas son cada vez máis rendibles e que existe un gran desequilibrio con respecto aos salarios.

Doutra banda temos o Goberno galego que, dun tempo para acá, estase dedicando a perseguir a toda aquela persoa asalariada que se atope en situación de incapacidade temporal por enfermidade, en lugar de investir o tempo en poñer solución ás causas que provocan a perda de horas produtivas.

Parece que Goberno e empresarios esquecen que os accidentes laborais aumentan ano tras ano como consecuencia dos altos ritmos e cargas de traballo, dunha maior presión por parte do empresario, do pouco investimento e formación en prevención dos riscos laborais e da precariedade do emprego en xeral. No ano 2024 faleceron 58 persoas na súa xornada laboral, o que supón un incremento dun 16 % respecto do 2023, e producíronse 414 accidentes graves, cun incremento de case o 15 % en relación co 2023. No que respecta aos accidentes leves, hai un sospeitoso descenso, pois temos claro que a maior número de accidentes graves e mortais, maior número de accidentes leves, sempre e cando se rexistren, o cal parece pouco probable neste caso.

Este Goberno da Xunta ten que deixar de atacar os traballadores e traballadoras galegas; debe poñer todo o seu interese e os medios necesarios para acabar con estes elevados datos de accidentes laborais. Débese reforzar a inspección médica e a inspección de traballo, para que os accidentes e enfermidades que son consecuencia do traballo non se deriven á sanidade pública, evitando así a fraude. Tamén debe poñer os medios para garantir que se cumpre a normativa sobre a prevención de riscos laborais, endurecendo as sancións ás empresas incumpridoras.

Pero tampouco podemos esquecernos da debilitada sanidade pública, debilidade provocada pola falta de recursos como consecuencia do desmantelamento que este Goberno está a aplicar nos últimos anos e que toda a cidadanía sofre diariamente.

Botando unha ollada á páxina do Sergas podemos constatar que esta falta de recursos é a causa de que a media de espera para unha consulta médica en Galicia sexa de 71 días, chegando aos 142 días de media na provincia de Ourense, concretamente no Complexo Hospitalario Universitario. Por poñer algún exemplo por provincias, cando imos ao detalle por especialidade atopámonos con que en Ourense, nalgún centro hospitalario, hai que esperar unha media de 326 días para unha consulta de rehabilitación ou 159 días para oftalmoloxía. En Lugo, 291 días para anestesioloxía e 182 días para dermatoloxía e neuroloxía. Na Coruña, 102 días para traumatoloxía e 101 para neuroloxía. En Pontevedra, 112 días para psiquiatría e 101 días para neuroloxía. No que se refire á espera para unha intervención cirúrxica, a media sitúase en 72 días de espera, chegando na Coruña a 138 días para neuroloxía e 125 días para traumatoloxía. En Ourense, 154 días para neurocirurxía e 104 para xinecoloxía.

En Galicia, durante o ano 2024, a duración media dunha incapacidade temporal (IT) foi de 74 días, a segunda máis alta do Estado, só por detrás de Estremadura. Non fai falta ser un experto para decatarse de que unha das causas que máis impactan nestes longos períodos de IT son as longas listas de espera que mencionamos.

Teñamos en conta tamén que esa demora na atención médica é causa de que se esgote o período máximo de IT sen que, en moitos casos, a persoa traballadora obteña un diagnóstico e tratamento adecuado para a súa curación. Como consecuencia, en primeiro lugar, esta persoa causa baixa na cotización á seguridade social e posteriormente, moi probablemente, o INSS acabe recoñecéndolle unha incapacidade permanente total que,

segundo a normativa vixente, lle garante unha reserva de posto de traballo de dous anos. Pero que pasará se pasados eses dous anos a persoa é tratada e este proceso acaba en curación?, pois que queda sen o seu posto de traballo e sen a súa pensión.

Isto é o que sucede cando o obxectivo dun goberno non é atender as necesidades da cidadanía; isto é o que pasa cando os nosos problemas de saúde representan unha posibilidade de negocio para moitos.

Que non traten de culpabilizar a persoa enferma, que non poñan en dúbida a profesionalidade das persoas que nos dan atención médica. Os únicos culpables desta situación son o Goberno galego e algúns empresarios sen escrúpulos.



**comisiones obreiras**

